




Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C NCB	Documento 85114I0280	
Código de verificación  2M48 4O5S 7010 2E6T 0SV5	Expediente 851/2020/95 Fecha 28-12-2020	

Asunto
INSTRUCCIÓN TERRAZAS. MODIFICACIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS INSTRUCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS UNHA VEZ SUPERADA A FASE III DO PLAN PARA A TRANSICIÓN CARA A UNHA NOVA NORMALIDADE, APROBADA POR RESOLUCIÓN DO 24.06.2020

A Alcaldía-Presidencia ditou, con data 12.03.2020, un Decreto que declarou a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19, que incluía medidas precisas para garantir a seguridade e salubridade públicas, o funcionamento dos servizos imprescindibles e, en xeral, todas as que se consideren necesarias para facer fronte á crise sanitaria actual e ás súas consecuencias no municipio da Coruña.

Logo da declaración do estado de alarma e a aprobación de sucesivas prórrogas, o Goberno do Estado, o 28 de abril aprobou o denominado Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade, que se aplicou gradualmente en catro fases.

A Orde SND/386/2020, do 3 de maio, pola que se flexibilizan determinadas restricións sociais e se determinan as condicións de desenvolvemento da actividade de comercio comerciante polo miúdo e de prestación de servizos, así como das actividades de hostalería e restauración nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, regula, no seu artigo 12, a reapertura das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, limitando ao cincuenta por cento as mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal.

O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do día 12 de xuño, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, como unidade territorial, está en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, por tanto, en condicións de entrar na «nova normalidade».

Na súa condición de autoridade sanitaria, adoptou, a través do mencionado acordo, medidas de prevención para facer fronte sen dilación, tras a superación da fase III, ás necesidades urxentes e



extraordinarias derivadas da crise sanitaria do COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria da enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

No apartado 3.11 do Anexo regula os aforos dos establecementos de hostalaría e restauración:

3.11. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse en barra ou sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes ou, de ser o caso, grupos de clientes situados na barra ou entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao oitenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos. No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do oitenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúa a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de vinte e cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.

A resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, dispón que os efectos se manterán ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

O Goberno Municipal considerou procedente manter e adaptar as medidas extraordinarias de flexibilización para a instalación de terrazas, mentres se manteña a declaración de situación de emerxencia sanitaria, estendéndooas a algunha zona non prevista na Resolución anterior (resolución 5339/2020, do 8 de maio de 2020), así como ás rúas nas que non é posible a instalación de terrazas e as rúas declaradas peonís entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, polo que a resolución da Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Infraestrutura e Mobilidade do 26 de xuño de 2020 (7790/2020) aprobou as



instrucións para instalar terrazas **durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego** declarada por Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Mediante resolución do 07.09.2020 (10938/2020) prorrogouse a vixencia das instrucións ata o 31 de xaneiro de 2021.

Na actualidade, o concello da Coruña atópase nun nivel medio respecto das medidas de prevención específicas nos concellos aos que se refire o número 4 do punto segunda da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia:

ANEXO II: NIVEL MEDIO

Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número 4 do punto segundo da presente orde.

Nos concellos previstos no número 4 do punto segundo da presente orde aplicaranse as restricións previstas no anexo I, así como as específicas previstas a continuación.

1. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o corenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Incidindo aínda máis na finalidade desta iniciativa como reforzo das medidas sanitarias que se están a tomar —e tendo en conta o feito de que as instrucións están sometidas a unha avaliación continuada en función da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e de actualización das medidas de prevención que indiquen, en cada momento, as autoridade sanitarias—, coa finalidade de que o sector da hostalaría poida aproveitar o espazo exterior debido ás restricións de aforo, cómpre incluír no texto das instrucións a posibilidade de desenvolvemento lonxitudinal da terraza de cada establecemento hostaleiro.

Así, procede modificar o apartado 2 do punto 3º das instrucións, respecto da instalación das terrazas nas prazas de aparcamento, e o apartado 1 do punto 4º respecto da instalación das terrazas nas prazas de aparcamento nas rúas declaradas peonís de xeito temporal, que quedarán redactados do seguinte xeito:

“3º.2 O espazo para ocupar nas prazas de aparcamento coincidirá coa fronte do local e non poderá sobresaír da liña das prazas de aparcamento marcada en cada rúa e non se poderán ocupar zonas de carga e descarga, PMR, aparcamentos de motos nin prazas de residentes en zona ORA.

Poderase realizar un desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as proteccións laterais, podendo rebasar a fronte do local sempre que se cumpran os seguintes requisitos:



- O espazo máximo non poderá rebasar a fronte do edificio propio do local e dos dous edificios lindeiros;
- Será necesario contar coa conformidade das persoas titulares do dereitos dos locais ou fincas lindeiras, que conterà un permiso explícito, expreso e non condicionado para toda a duración da tempada en que se pretende instalar a terraza;
- En caso de existir varios establecementos que opten a estes espazos lindeiros, repartirano de forma proporcional á lonxitude das fronteiras dos respectivos establecementos.

“4º.1 O espazo para ocupar nas prazas de aparcamento coincidirá coa fronte do local e non poderá sobresaír da liña das prazas de aparcamento marcada en cada rúa.

Poderase realizar un desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as proteccións laterais no seu caso, podendo rebasar a fronte do local sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O espazo máximo non poderá rebasar a fronte do edificio propio do local e dos dous edificios lindeiros;
- Será necesario contar coa conformidade das persoas titulares do dereitos dos locais ou fincas lindeiras, que conterà un permiso explícito, expreso e non condicionado para toda a duración da tempada en que se pretende instalar a terraza;
- En caso de existir varios establecementos que opten a estes espazos lindeiros, repartirano de forma proporcional á lonxitude das fronteiras dos respectivos establecementos.

Por último, cómpre modificar as limitacións de número de mesas e a distancia social para adaptalas ás normas vixentes en cada momento segundo o desenvolvemento da pandemia, así como a data final das peonalizacións temporais que por mor desta situación actual non finalizaron o 15 de setembro do 2020 e neste intre están prorrogadas ata o vindeiro 31 de xaneiro do 2021.

Así, cómpre modificar as instrucións para acoller estes novos cambios e adaptala ao momento vixente da pandemia.

Á vista de todo o anterior, en virtude das competencias que legalmente me foron delegadas pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado na súa sesión do 28.06.2019 (BOP núm. 124, do 03.07.2019), e no exercicio das funcións atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dito a seguinte

RESOLUCIÓN

Modificar as instrucións para a instalación das terrazas durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego declarada por Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, instrucións aprobadas por resolución da Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Infraestrutura e Mobilidade do 24 de xuño de 2020 (RES/AYT/7790/2020) para a instalación de terrazas tras superar a Fase III de cara a unha nova normalidade, e sucesivas modificacións aprobadas, que quedarán redactadas do seguinte tenor:



1º. O número de mesas permitidas limitase á porcentaxe vixente en cada momento respecto do número total de mesas que figure na solicitude de autorización.

2º. Unicamente nos espazos públicos que constan no Anexo, autorízase a incrementar a superficie destinada a terraza. Neste caso poderanse incrementar o número de mesas previsto no apartado anterior, respectando, en todo caso, a proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se sitúe a terraza, sen que en ningún caso poida superar o número de mesas que constan na solicitude de licenza. Para poder acollerse a este apartado 2, a terraza deberá instalarse nunha localización que cumpra os seguintes requisitos:

- Beirarrúas cun mínimo de 5 metros de ancho, incluídas na listaxe que figura no Anexo.
- Rúas peonís incluídas na listaxe que figura no Anexo.
- Prazas incluídas na listaxe que figura no Anexo 1.

3º Poderán instalarse terrazas en prazas de aparcamento sempre que se dean as seguintes condicións:

1. A rúa non poderá ter mais de un carril por sentido de circulación e a beirarrúa á que da fachada do local deberá de ser inferior a 2,5 metros de ancho, xa que en caso contrario debería solicitarse autorización de instalación de terraza na beirarrúa.
2. O espazo para ocupar nas prazas de aparcamento coincidirá coa fronte do local e non poderá sobresaír da liña das prazas de aparcamento marcada en cada rúa e non se poderán ocupar zonas de carga e descarga, PMR, aparcamentos de motos nin prazas de residentes en zona ORA.

Poderase realizar un desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as proteccións laterais, podendo rebasar a fronte do local sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O espazo máximo non poderá rebasar a fronte do edificio propio do local e dos dous edificios lindeiros;
- Será necesario contar coa conformidade das persoas titulares do dereitos dos locais ou fincas lindeiras, que conterà un permiso explícito, expreso e non condicionado para toda a duración da tempada en que se pretende instalar a terraza;
- En caso de existir varios establecementos que opten a estes espazos lindeiros, repartirano de forma proporcional á lonxitude das fronte dos respectivos establecementos.

3. Será necesaria a instalación dunha tarima con proteccións laterais e na fronte da calzada. A altura mínima da tarima será de 15 centímetros ao lado da calzada e deberá de quedar ao nivel na zona do bordo da beirarrúa. Só se permitirá, ademais da tarima, a instalación de mesas e cadeiras e no seu caso sombrillas.

4. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable segundo modelo municipal
- b) Plano de situación e esbozo do que se pretende instalar



c) Memoria explicativa coa superficie, número de mesas e cadeiras, material da tarima e proteccións, así como as sombrillas que no seu caso se pretendan instalar.

d) Póliza e pago do seguro de responsabilidade civil no que se inclúa a terraza que se pretende instalar.

e) Documento que acredite a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou fincas lindeiras, no caso de desenvolvemento lonxitudinal da terraza.

5. As terrazas situadas en prazas de aparcamento poderanse instalar ata a anulación destas instrucións ou ata que se fixe outro prazo expreso por resolución do órgano municipal competente.

4º Tamén poderán instalarse terrazas en prazas de aparcamento nas rúas declaradas peonís entre o 1 de xullo e o 31 de xaneiro do 2021 e sucesivas prórrogas, coas seguintes condicións:

1. O espazo para ocupar nas prazas de aparcamento coincidirá coa fronte do local e non poderá sobresaír da liña das prazas de aparcamento marcada en cada rúa.

Poderase realizar un desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as proteccións laterais no seu caso, podendo rebasar a fronte do local sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O espazo máximo non poderá rebasar a fronte do edificio propio do local e dos dous edificios lindeiros;
- Será necesario contar coa conformidade das persoas titulares do dereitos dos locais ou fincas lindeiras, que conterà un permiso explícito, expreso e non condicionado para toda a duración da tempada en que se pretende instalar a terraza;
- En caso de existir varios establecementos que opten a estes espazos lindeiros, repartirano de forma proporcional á lonxitude das fronteiras dos respectivos establecementos.

2. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) Declaración responsable segundo modelo municipal

b) Plano de situación e esbozo do que se pretende instalar

c) Memoria explicativa coa superficie, número de mesas e cadeiras, así como as sombrillas que no seu caso se pretendan instalar.

d) Póliza e pago do seguro de responsabilidade civil no que se inclúa a terraza que se pretende instalar.

e) Documento que acredite a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou fincas lindeiras, no caso de desenvolvemento lonxitudinal da terraza.

5º. En todo caso deberá asegurarse que se mantén a debida distancia física vixente en cada momento entre as meas ou, no seu caso, agrupación de mesas. As proteccións laterais terán unha altura de, como máximo, 190 centímetros.

6º. Deberán de cumprirse as medidas de hixiene e prevención que esixan as autoridades sanitarias.

A Coruña, na data da firma dixital deste documento
Por delegación da Xunta de Goberno Local



O Concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade



ANEXO

Beirarrúas:

1. Avenida Linares Rivas
2. Cantón Pequeno
3. Avenida Marina - Obelisco
4. Avenida da Marina– Dársena

Rúas Peonís:

1. Rúa Emilia Pardo Bazán
2. Cidade Vella
3. Rúa Corcubión - Mercado Conchiñas
4. Rúa Barcelona
5. Rúa Ángel Senra
6. Rúa Gaitreira
7. Rúa Posse
8. Rúa Cuba

Prazas:

1. Praza de María Pita
2. Praza de España
3. Praza de Lugo
4. Calle Manuel Azaña
5. Rúa Corcubión - Praza Conchiñas
6. Polígono de Vioño
7. Praza da Fábrica de Tabacos
8. Praza da Gaitreira
9. Praza Centro Comercial
10. Rúa Vicente Ferrer
11. Calle Emilio González López
12. Praza Padre Rubinos
13. Plaza de la Santa María
14. Paseo Marítimo - Circunvalación



15. Praza das Atochas
16. Praza Cormelana
17. Rúa Perillana
18. Rúa Pastoriza
19. Praza do Africano
20. Praza San Andrés
21. Praza Fuente Luisa
22. Travesía Orzán
23. Calle José Luis Pérez Cepeda
24. Praza Alcaldesa Berta Tapia
25. Rúa Enrique Mariñas Romero
26. Praza Papagayo
27. Praza do Humor
28. Praza da Milagrosa
29. Praza Enrique Mariñas

** ** **